

ACTA NÚMERO: 19/2023

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 26 DE MAIO DE 2023.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas e trinta minutos do día 26 de maio de 2023 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación
- Don Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Daniel Romay Díaz, Director de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Técnico Adxunto a Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 19 de maio de 2023 (Reunión 18/2023).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de dúas vivendas da Deputación de Pontevedra na Rúa Amado Carballo nº 1 (pisos 2ºB e 10ºD) en Pontevedra. (Expte.-2020026100).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de dúas vivendas da Deputación de Pontevedra na Rúa Amado Carballo nº 1 (pisos 2ºB e 10ºD) en Pontevedra. (Expte.-2020026100).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2023008036).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2023008036).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e D. Miguel Adolfo Dominguez Alfonso, Deputado do Grupo provincial do Partido Popular.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.



1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondentes ao día 19 de maio de 2023 (Reunión 18/2023).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 19 de maio de 2023 (Reunión 18/2023).

2. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de dúas vivendas da Deputación de Pontevedra na Rúa Amado Carballo nº 1 (pisos 2ºB e 10ºD) en Pontevedra. (Expte.-2020026100).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial núm. 2023001991, de 10 de marzo do 2023, aprobouse o expediente para o *alleamento, mediante poxa pública, de dúas vivendas da Deputación de Pontevedra na Rúa Amado Carballo, núm.1 (2ºB e 10ºD), en Pontevedra.*

O anuncio de licitación publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 53, de 16 de marzo do 2023, e no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 16 de marzo do 2023, xunto cos pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas. Así mesmo, publicouse un anuncio en dous dos diarios de maior difusión da provincia.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse mediante a plataforma de licitación electrónica Vortal, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo. Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que a Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento.



3. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, do procedemento convocado para o alleamento, mediante poxa pública, de dúas vivendas da Deputación de Pontevedra na Rúa Amado Carballo nº 1 (pisos 2ºB e 10ºD) en Pontevedra. (Expte.-2020026100).

O Presidente decide retirar este asunto da orde do día por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación do procedemento convocado para alleamento, mediante poxa pública, de dúas vivendas da Deputación de Pontevedra na Rúa Amado Carballo nº 1 (pisos 2ºB e 10ºD) en Pontevedra.

4. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, do procedemento aberto convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.-2023008036).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante Resolución Presidencial núm. 2023003365, de data 26 de abril do 2023, aprobouse o expediente para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa.

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 85, de data 04 de maio do 2023, e no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 04 de maio do 2023. Na mesma data, publicáronse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación



e descarga da documentación dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa presentada polas persoas licitadoras.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes persoas licitadoras:

- José Manuel Del Río Roma (DNI: 35407110J)
- Elvira Otero Oubiña (DNI: 35457233L)

5. Apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación privada, mediante concurso público, do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa. (Expte.- 2023008036).

A Mesa de Contratación, na reunión do 26 de maio de 2023, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do concurso público convocado para a contratación do arrendamento dun local destinado á oficina periférica do ORAL no municipio de Vilanova de Arousa, sendo as persoas admitidas as seguintes:

- José Manuel Del Río Roma (DNI: 35407110J)
- Elvira Otero Oubiña (DNI: 35457233L)

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes aos criterios da avaliación mediante xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite, a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada dos sobres “B” ao persoal técnico do servizo ORAL , para que avalíe e pondere as propostas técnicas segundo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este concurso público.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e corenta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

